



## CAMPO DE VOLUNTARIADO DA EUROCIDADE (FECES DE ABAIXO-VERÍN)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
04/09 de novembro	18-30	Transfronteirizo	Dinamización Tecnolóxica	10

### LOCALIZACIÓN DO CAMPO

A Eurocidade de Chaves-Verín consta do territorio que o Concello de Chaves e o concello de Verín ocupan no val do Alto Támega no norte de Portugal e o sueste de Galicia respectivamente. Chaves é un municipio con pouco máis de 41.000 habitantes (dos cales ao redor de 20.000 na zona urbana), e o principal centro urbano do territorio do Alto Támega (6 municipios con preto de 92.000 habitantes). Pola súa banda, Verín é unha cidade con algo máis de 14.000, o centro dunha extensa área funcional (que inclúe non só a Rexión de Monterrei-Verín, con 25.000 habitantes, senón tamén algúns municipios das comarcas veciñas). O territorio da Eurocidade de Chaves-Verín constitúe un continuo poboacional, administrativamente separado pola fronteira. É desde o punto de vista xeográfico dun gran val, unido polo río Támega e atravesado por unha falla tectónica, que ofrece as condicións específicas para a explotación dun recurso fundamental para a economía da Eurocidade de Chaves-Verín: a auga.

### DESCRIPCIÓN E ACTIVIDADES DO CAMPO DE TRABALLO

O Campo de Voluntariado da Eurocidade téñ como obxectivo principal a interconexión entre a mocidade dun e outro lado da raia así como da dinamización a través dos seguintes obxectivos concretos:

- Crear un video promocional da Eurocidade a partires do aprendido no Campo e do traballo in situ.
- Crear unha web-app promocional da zona.
- Prototipar os monumentos máis senlleiros da zona a través da tecnoloxía 3D.
- Establecer un contacto estreito entre o voluntario e voluntaria e a Eurocidade e a nosa Cultura a través da inmersión dixital.
- Favorecer dinámicas de interrelación entre os mozos e mozas creativos no ámbito da convivencia dun campo de voluntariado.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Rutas de sendiirismo, Ruta da Auga, Xeocaching e Xeo-orientación, visitas, obradoiros, workshops, descubertas nas cidades de Chaves e Verín.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas a modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de traballo.

### COMO CHEGAR:

#### Por estrada:

- Liña A Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo-Ourense-Verín (aínda que faga os traslados a mesma empresa sempre haberá que facer varios cambios, o último en Ourense para chegar a Verín).

Empresa MONBUS ([www.monbus.es](http://www.monbus.es)). Tfno.: 902 292 900

Estacións de autobuses:

A Coruña. Tfno.: 981 184 335

Lugo. Tfno.: 982 223 985

Santiago de Compostela. Tfno.: 981 542 416

Vigo. Tfno.: 986 373 411 ([www.vigobus.com](http://www.vigobus.com))

Ourense. Tfno.: 988 216 027

Ferrol. Tfno.: 981 324 751

#### Por tren:

RENFE ([www.renfe.es](http://www.renfe.es)). Tfno.: 902 240 202

FEVE ([www.feve.es](http://www.feve.es)). Tfno.: 981 370 401 (ata Ourense).

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

A cargo da organización.

### INCORPORACIÓN

O primeiro día ás 9:00 horas.

Punto de encontro: Praza García Barbón (Verín).

(cando o director da actividade teña os correos electrónicos de tódolos participantes habilitará un Telegram para que haxa unha comunicación directa).

### EQUIPO ACONSELLABLE

Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha, mochila pequena para rutas

Calzado axeitado para montaña e calzado deportivo

Roupa: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa axeitada para poder realizar o traballo no caso de chuvia ou frío) e outro material como gorra, calzado cómodo...

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu DNI e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.



## CAMPO DE VOLUNTARIADO DA EUROCIDADE (FECES DE ABAIXO-VERÍN)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
04/09 de novembro	18-30	Transfronteirizo	Dinamización Tecnolóxica	10

### CONTACTOS

subactividades-xuventude.ctb@xunta.gal  
 Dirección Xeral de Xuventude, Participación e  
 Voluntariado. Tfno.: 981 544 645

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[www.xuventude.net](http://www.xuventude.net) Portal da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos de traballo, lecer e tempo libre, actividades, formación...

[www.monbus.es](http://www.monbus.es) Información sobre as liñas de transporte en bus.

[www.xacobeo.es](http://www.xacobeo.es) Páxina oficial sobre o Camiño de Santiago e outros eventos

[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es) Portal de información turística de Galicia

[www.verin.es](http://www.verin.es) Portal de información do Concello de Verín.

[www.chaves.pt](http://www.chaves.pt) Portal de información da Cámara Municipal de Chaves.